



**federación de ensino  
de CC OO de Galicia**  
Secretaría de Privada

**Sr Director Xeral de Centros e Recursos Humanos.**  
Consellería de Cultura, Educación e Universidades  
San Caetano, S/N Santiago de Compostela

**Tania Alonso Soto**  
Federación de Ensino  
Rúa de Miguel Ferro Caaveiro, 8  
Santiago de Compostela  
[taniaalonso@galicia.ccoo.es](mailto:taniaalonso@galicia.ccoo.es)

A Federación de Ensino de CC OO veu reclamando con insistencia ao longo dos últimos anos a necesidade de retomar a vía do diálogo e a negociación no Ensino Concertado. Solicitamos en numerosas ocasións ser recibidos para expor aqueles asuntos que consideramos relevantes para o sector. Tamén para tratar a recuperación de acordos e dereitos que foron suprimidos e colocarnos no camiño da concertación de novos acordos, tal como acontece no resto de Comunidades Autónomas do Estado.

Neste pasado mes de agosto, a Federación de Ensino de CC OO recibiu a noticia da regularización de horas en pago delegado en numerosos centros da rede concertada. Dita información foi recibida a través de delegados e delegadas do sector e da propia Patronal. A día de hoxe, seguimos sin dispor de información oficial sobre tal asunto que repercute directamente en numerosos postos de traballo. Somos coñecedores por vía non oficial dun acordo de moratoria entre Patronal e Administración. Consideramos que todo o que afecta ás persoas traballadoras do sector é materia de negociación colectiva e as OOS debemos ser partícipes dela.

Por outra banda, recalcar que no eido das negociacións en Mesa Tripartita, consideramos insuficiente o Acordo de Mantemento de Emprego proposto pola Consellería que foi asinado unicamente por dúas organizacións sindicais.

Polo tanto, dado a insuficiencia do acadado e a falta de información e comunicación coa Administración, seguimos solicitando ser recibidos para tratar estas cuestións.

Na espera da súa contestación

Atentamente

Vigo, 9 de outubro de 2023

Asinado: Tania Alonso Soto